



PROXECTO DE MELLORA DA PRODUTIVIDADE DOS BANCOS DE GALIÑEIRO E MELOXO

O proxecto para a mellora da produtividade dos bancos marisqueiros de O Galiñeiro e Meloxo tivo como obxectivo o desenvolvemento de maneira sustentable destas zonas suxeita a plan específico, que evite o seu abandono pola perda de produtividade constatada nos últimos anos. Estes bancos marisqueiros están sometidos a plan específico de explotación pola Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados, concretamente polo sector de marisqueo a flote. A superficie aproximada total dos bancos é de 430.027 m² (Meloxo) e 1.587.201 m² (Galiñeiro).

Para a realización da segunda actuación, o día 29 de Maio recepciónse na Confraría 2.000.000 de unidades de semente de ameixa babosa entre 6-8 milímetros procedentes da planta criadeiro que a empresa OSTREIRA S.L. ten no concello de O Grove. Esta ameixa inmersiounse na batea experimental cuadrícula 160 do polígono Cambados D, que posúe a Confraría para o engorde de ameixa. Durante os seguintes meses desenvolveuse o engorde desta semente ata acadar talla de 16-18 milímetros, momento en que se sementou nos bancos naturais, segundo o cronograma establecido no proxecto.

O día 13 de Agosto realizouse a repoboación de semente na zona establecida do banco de O Galiñeiro segundo os planos que se indican no seguinte apartado. Sementáronse 1.000.000 de unidades na zona establecida que figura no apartado 2. (adxúntase documento de inmersión).

O día 4 de Setembro realizouse a repoboación de semente na zona establecida do banco de Meloxo, segundo os planos que se indican no seguinte apartado. Sementáronse 1.000.000 de unidades na zona establecida que figura no apartado 2. (adxúntase documento de inmersión).



A consecución do obxectivo proposto realizouse en parte coa realización das actuacións realizadas. O resultado final obterase cando a ameixa sementada acade a talla comercial e poida ser capturada polos mariscadores para o seu envío ao mercado.

O orzamento total do proxecto acadou os 14.200 € cofinanciados a un 100% con fondos propio da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Consellería do Mar.